



CIRCULAR 12/2018

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA XUVENIL/Sub 18 E JUNIOR/Sub20

DE PISTA CUBERTA (agás 1500 e 3000)

24 de Febreiro do 2018, sede a confirmar.

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza o Sábado 24 de febreiro do 2018 o;
LXI Campionato de Galicia Xuvenil/sub18
XL Campionato de Galicia Junior/sub20

de pista cuberta (agás 1500 e 3000) (pendente de confirmar sede)

Art.2) Poderán participar todos aqueles atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2017/18) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CC.AA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia.*

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 20 de Febreiro do 2018**. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións. **Aqueles atletas que non reflicten marca na súa inscrición figurarán como NO ADMITIDOS na lista de inscritos.**

Normalmente nas probas efectúase unha repesca de atletas sen mínima, a condición de que estivesen inscritos previamente, polo que se recomenda realizar a inscrición de atletas que estean próximas á marca mínima

Art.4). Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría: xuvenil e junior, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

Art.5). Nas probas de concurso, a competición, é única, pasando á mellora as 10 mellores marcas, (con un mínimo de 3 atletas de cada categoría).



Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante, agás na pértega. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7) Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias e non participase na rolda seguinte ou ben que confirme a súa inscrición e finalmente non participe. Agás casos autorizados directamente polo comité técnico.

Art.8) En tódalas carreiras, a confección das series realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada, ou no seu defecto na tempada anterior, con fin de que os mellores atletas cheguen á final. Antes da saída, comunicarase ós/as participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda en caso de que a houbese, decidida pola organización.

Art.9) Limitacións de probas na categoría xuvenil: Só poderán participar nun máximo de dúas probas. En caso de participar en dúas carreiras só poderá realizarse unha de mais de 200m.

Art.10).- Na cámara de chamadas será obrigada a presentación na mesma, debidamente acreditados mediante licenza, D.N.I, ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.

SAÍDA A PISTA TRALA PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras:	5 min antes da hora oficial da proba
Carreiras valadas:	10 min antes da hora oficial da proba
Concursos (agás pértega):	20 min antes da hora oficial da proba
Pértega:	45 min antes da hora oficial da proba

Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.

Os atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou guardada.

Poderá permitirse a entrada à pista de atletas posteriormente sempre é cando non iniciara à proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.11) A cadencia das alturas publicarase conxuntamente con a lista de inscritos.

Art.12).- As distancias das táboas decidiranse en función das marcas dos participantes (podendo chegar ata 3)

Art.13) Marcas mínimas para participar no Campionato de Galicia xuvenil/Sub18 e junior/Sub20



HOMES

Marcas tempada 2016/17(dende 31/03/2017)

Marcas tempada 2017/18

	JUNIOR	XUVENIL	CADETE 2º		JUNIOR	XUVENIL
100	12.00	12.20	12.70	50	6.50	6.65
200	24.20	24.30		60	8.10	8.30
400/300	55.50	57.50	41.00	200	24.60	24.90
400v/300v	1.07.14	1.10.14	51.14	400	56.00	57.00
800/600	2.05.00	2.07.00	1.42.00	800	2.08.00	2.10.00
1.500 /1000	4.20.00	4.25.00	3.00.00	1.500	4.25.00	4.30.00
110 v./100 v	19.24	20.24	20.24	50v	9.25	9.50
Lonxitude	5.90	5.70	5.20	60 v	10.50	11.00
Triple Salto	11.50	11.20	11.00	Lonxitude	5.70	5.60
Altura	1.62	1.60	1.55	Triple salto	11.00	11.00
Pértiga	3.10	3.00	2.40	Altura	1.58	1.58
Peso	11.00	10.80	10.40	Pértiga	3.00	2.80
				Peso	10.50	10.40

MULLERES

Marcas tempada 2016/17(dende 31/03/2017)

Marcas tempada 2017/2018

	JUNIOR	XUVENIL	CADETES 2º		JUNIOR	XUVENIL
100	13.90	13.95	13.50	50	7.30	7.30
200	28.90	29.00	-----	60	8.90	8.90
400/300	1.09.00	1.10.00	47.00	200	29.50	29.60
800/600	2.35.0	2.35.24	1.52.00	400	1.10.00	1.11.00
1.500 /1000	5.30.00	5.30.00	3.25.00	800	2.42.00	2.42.00
100 v	20.54	19.54	20.04	1.500	5.30.00	5.30.00
400/300 v	1.18.00	1.20.00	54.00	50 v	10.00	9.50
Lonxitude	4.70	4.65	4.50	60 v	11.50	11.25
Triple Salto	10.10	10.00	8.80	Lonxitude	4.55	4.50
Altura	1.44	1.41	1.35	Triple salto	10.00	9.50
Pértiga	2.45	2.40	2.10	Altura	1.42	1.40
Peso	8.50	8.20	8.50	Pértiga	2.40	2.30
				Peso	8.20	8.10

Art.14) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club.

Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á F.G.A. con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.



Art.15.- Horario Provisional

HORARIO DO CAMPIONATO DE GALICIA XUVENIL/SUB18 E JUNIOR/SUB20						
Primeira Xornada						
50 /60	Mulleres	Semifinal *	11.00	Lonxitude	Homes	FINAL
				Altura	Homes	FINAL
				Pértega	Mulleres	FINAL
50/60	Homes	Semifinal *	11.20			
800	Mulleres	FINAL Xv-Jn. **	11.40			
800	Homes	FINAL Xv-Jn. **	11.55			
400	Mulleres	Semifinal *	12.10			
400	Homes	Semifinal *	12.30	Lonxitude	Mulleres	FINAL
50/60	Mulleres	FINAL Jn	12.35			
	Mulleres	FINAL Xv	12.40			
50/60	Homes	FINAL Jn	12.50			
	Homes	FINAL Xv	12.55			
200	Mulleres	Semifinal *	13.05			
200	Homes	Semifinal *	13.20			
Segunda Xornada						
			16.30	Triplo	Mulleres	FINAL
				Peso	Homes	FINAL
50/60 valos	Homes	Semifinal *	16.45	Pértega	Homes	FINAL
50/60 valos	Mulleres	Semifinal *	17.00			
			17.15	Altura	Mulleres	FINAL
200	Mulleres	FINAL Jn	17.20			
	Mulleres	FINAL Xv	17.25			
200	Homes	FINAL Jn	17.35			
	Homes	FINAL Xv	17.45	Triplo	Homes	FINAL
				Peso	Mulleres	FINAL
400	Mulleres	FINAL Jn	17.55			
	Mulleres	FINAL Xv	18.05			
400	Homes	FINAL Jn	18.15			
	Homes	FINAL Xv	18.25			
50/60 valos	Homes	FINAL Jn 0,990	18.35			
	Homes	FINAL Xv 0,914	18.45			
50/60 valos	Mulleres	FINAL Jn 0,84	18.55			
	Mulleres	FINAL Xv 0,76	19.05			

- **En 50/60 faranse semifinais únicamente na categoría onde haxa máis inscritos que rúas**
- **50/60 valos faranse semifinais únicamente na categoría onde haxa máis inscritos que ruas**
- **En 400 faranse semifinais únicamente na categoría onde haxa máis inscritos que rúas**
Na proba de 200 m. aplicarase a normativa RFEA para a confección das series, semifinais e final.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO**

 XUNTA
DE GALICIA

 DEPORTE
GALEGO

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2018/08_pc_normas.pdf

****Faranse as series en función dos confirmados finais.**

Art.16) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A. (ver normas técnicas), R.F.E.A. e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, 1 de febreiro de 2018